



# A NOSA CONTRIBUCIÓN AOS ODS



**OBXECTIVOS**  
DE DESENVOLVEMENTO  
**SUSTENTABLE**

 **meniños**

A Axenda 2030, adoptada por 193 países, establece 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) que a comunidade internacional ten que acadar para todas as persoas, facéndoo dun xeito sostible e con equidade. Esta Axenda representa unha grande ocasión para que o Goberno e as políticas públicas respondan de maneira efectiva á loita contra a pobreza e a desigualdade, da man das entidades sociais e o sector privado, sempre tendo en conta as necesidades da cidadanía.

Os ODS promoven tamén os dereitos da infancia e supoñen unha oportunidade para protexer a todos os nenos e nenas baixo a consigna de non deixar a ninguén atrás.

As organizacións non gubernamentais temos un rol esencial no cumprimento destes Obxectivos, a través do desenvolvemento dos nosos proxectos e da sensibilización e incidencia política sobre as problemáticas abordadas desde a Axenda 2030.

O desenvolvemento sustentable require a participación activa de todos os sectores da sociedade, e as entidades coma Meniños somos o vencello que permite levar a cabo alianzas entre os diferentes axentes sociais.

É fundamental para o sector empresarial ter en conta os ODS coma referencia para coñecer as implicacións da súa actividade, e valorar a súa contribución.

Os criterios sociais e medioambientais están a adquirir un crecente protagonismo á hora de consumir, polo que o compromiso cos ODS que máis afectan á contorna de referencia das empresas, reverte positivamente na súa percepción por parte dos seus mercados, e como consecuencia, nos seus beneficios. A solvencia do noso traballo converte á nosa entidade nun socio idóneo para a vinculación da RSC empresarial cos ODS.





» Programa de Integración Familiar  
**360 nenos e nenas**  
**200 familias**  
atendidas anualmente.

» Programa de Atención Familiar en contornas de risco  
**76 nenos e nenas**  
**56 familias**  
atendidas anualmente.

Son moitas as familias na nosa contorna máis próxima que carecen dunha alimentación axeitada e unha vivenda digna, ademais de contar cun acceso limitado a servizos fundamentais.

Pero **a pobreza é moito máis que a carencia de recursos materiais**; a pobreza ocasiona un debilitamento psicolóxico e social que quebra a saúde das persoas, das familias, e as capacidades de crianza.

En Meniños traballamos para que as familias vexan garantidas estas necesidades e reciban o apoio psicolóxico e social imprescindible para restablecer a súa saúde, a súa dispoñibilidade e capacidade para ofrecer un contorno de seguridade, afecto e protección para os seus fillos e fillas, e para erradicar a exclusión social, que lles impide ter unha participación activa na sociedade.



» Atención perinatal para nais en situación de dificultade social. Atendemos anualmente a **56 nenos e nenas** e **63 familias**.

» Intervención terapéutica en violencia e abuso sexual. Atendemos anualmente a **43 mulleres**.

» Intervención para nenos e nenas vítimas de abuso sexual. **68 nenos e nenas** e **54 familias** atendidas anualmente.

O coidado da saúde e o benestar en todas as idades é esencial para o desenvolvemento sostible.

En Meniños traballamos directamente para **mellorar a saúde mental e o benestar** emocional tanto dos nenos, nenas e adolescentes coma das súas familias. Promovemos a toma de conciencia da necesidade dun ámbito familiar afectivo e protector, facilitando apoio psicosocial para promover a parentalidade positiva e as competencias para a crianza saudable.

Desde a área de atención prenatal e perinatal tamén aseguramos o benestar integral de mulleres embarazadas en situación vulnerable e os seus bebés, xerando un espazo de coidado promotor da resiliencia parental e o bo trato, facilitando a creación das condicións prenatais e de posparto axeitadas para que se produza un vínculo afectivo san co bebé e reforzando a rede comunitaria de apoio social en torno ás persoas vulnerables.



» «**Viaxe ao reino das emocións**» proposta para educación infantil na xestión emocional.

Participan anualmente arredor de **4.350** alumnos e alumnas e **300** docentes de **90** centros educativos.

Unha **educación accesible, equitativa e de calidade** é imprescindible para un axeitado desenvolvemento dos nenos, nenas e adolescentes, asegurándolles perspectivas de futuro, e contribuíndo a reducir as desigualdades.

Desde a nosa área de **Proxectos Educativos e Sensibilización** desenvolvemos programas que complementan o currículo escolar con material específico enfocado na educación emocional, os dereitos da infancia, a igualdade de xénero, a non discriminación e o desenvolvemento sostible.

Web: [www.mundodemilu.org](http://www.mundodemilu.org)




» Intervención con nenos e nenas vítimas de violencia de xénero. Atendemos anualmente a **41 nenos e nenas e 28 familias**.

Nos últimos anos téñense producido importantes avances na loita contra a discriminación e a violencia que sofren as mulleres en todos os ámbitos. Porén, **moitas mulleres e nenas seguen tendo que soportar o machismo e a violencia física e sexual**.

En Meniños **traballamos para combatir esta situación a través de programas específicos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas** e de coidado da saúde sexual e reproductiva.

Ademais, en todos os nosos programas de intervención, educación e sensibilización empregamos **un enfoque de promoción da igualdade** e de erradicación de condutas e prácticas nocivas para as mulleres e as nenas.





» Proxecto “Brújula”: de orientación e fortalecemento para familias en dificultade social. Aténdese anualmente a unhas **54 persoas**.

» Proxecto “Caixa Proinfancia” de loita contra a pobreza promovido pola Fundación La Caixa. **138 nenos e nenas e 88 familias** atendidas anualmente.


O desenvolvemento económico debe ser inclusivo e ter en conta as tres dimensións da sustentabilidade: **económica, social e ambiental**.

Segundo o último informe AROPE , que mide as taxas de risco de pobreza e exclusión, no ano 2019, esta afectaba ao 25,3% da poboación española.

**A infancia é un grupo especialmente vulnerable** un 30,3% das persoas menores de 18 anos está en situación de pobreza, e os fogares nos que viven nenos, nenas e adolescentes teñen taxas aínda máis altas.

Unha parte importante dos nosos esforzos está vencellada a **garantir a empregabilidade e a estabilidade laboral e económica das familias coas que traballamos**.

Ademais, incidimos na promoción e impulso de políticas que atendan **as necesidades das persoas en risco de exclusión**.



O éxito na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible require alianzas entre a **administración, o sector privado e a sociedade civil**.

Desde Meniños canalizamos fondos do sector público e privado para a transformación social, contribuíndo a mellorar a cooperación entre os diferentes ámbitos de xeito responsable, desde a **medición de progreso, a transparencia e a rendición de contas**.

**Traballamos en rede e formamos parte das seguintes plataformas e órganos:**

- Rede de entidades Caixa Proinfancia
- Plataforma Organizaciones Infancia España
- Plataforma Organizacións infancia Galicia
- EAPN Galicia. Rede galega contra a pobreza
- Consello Galego de Benestar

**Traballamos colaborativamente coas Administracións Públicas** con responsabilidades na protección da infancia. As principais son:

- Xunta de Galicia
- Principado de Asturias
- Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030.
- Concello de Pontevedra
- Deputación da Coruña






*O desenvolvimento sustentável  
require a participação  
activa de **todos**  
os sectores  
da sociedade.*

ADMINISTRAÇÕES  
PÚBLICAS

SOCIEDADE  
CIVIL

SECTOR  
PRIVADO





**OBXECTIVOS**  
DE DESARROLLO  
SOSTENIBLE



## CONTACTO

### sede central

Avda. de Cádiz 5, 2º Esq.  
Edif. A Milagrosa  
15008 A Coruña

[meninos@meninos.org](mailto:meninos@meninos.org)  
981 26 99 55

[www.meninos.org](http://www.meninos.org)

